<p>Bloque 3 Crit. Aval. B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa.</p> <p>Est. Apr. XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".</p>	<p>3.13.1.10 Realiza unha pequena investigación ou procura de información sobre a voda de Luís XIV coa infanta María Teresa de Austria e os resultados desta alianza trala morte de Calos II.</p>	<p>Segue instrucións ou pautas do docente de forma mecánica á hora de buscar información sobre a voda de Luís XIV coa infanta María Teresa.</p>	<p>Localiza de forma autónoma información básica sobre a voda de Luís XIV con María Teresa de Austria sinalando os motivos polos que se produciu este enlace.</p>	<p>Localiza de forma autónoma información básica e algúns detalles sobre a voda de Luís XIV con María Teresa de Austria, sinala os motivos polos que se produciu este enlace e identifica que este enlace supuxo anos máis tarde a chegada ao trono español de Felipe V.</p>	<p>Localiza de forma autónoma información básica e algúns detalles sobre a voda de Luís XIV con María Teresa de Austria, explica con certo grao de detalle os motivos polos que se produciu este enlace e describe como este enlace supuxo anos máis tarde a chegada ao trono español de Felipe V.</p>	T. 13	P. 267 A. 06	Dixital

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 1	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 2	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 3	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 4	TE- MAS	ACTIVI- DADES	COMPETENC. CLAVE
<p>Bloque 3 Crit. Aval. B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa.</p> <p>Est. Apr. XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".</p>	<p>3.13.1.11 Redacta un texto explicativo detallado caracterizando os conflitos relixiosos na Europa do século XVII.</p>	<p>Esboza unha explicación incompleta e pouco detallada sobre os conflitos relixiosos na Europa do século XVII sinalando de forma imprecisa as orixes ou causas destes conflitos.</p>	<p>Identifica e describe brevemente e con corrección os conflitos relixiosos na Europa do século XVII explicando de forma concisa as orixes ou causas destes conflitos.</p>	<p>Identifica e describe adecuadamente os conflitos relixiosos na Europa do século XVII diferenciando e explicando as principais causas e factores que deron orixe a estes conflitos e sinalando cal destes enfrontamentos foi o máis grave.</p>	<p>Identifica e describe con detalle os conflitos relixiosos na Europa do século XVII diferenciando e analizando as principais causas e factores que deron orixe a estes conflitos e explicando brevemente e de forma razoada cal destes enfrontamentos foi o máis grave.</p>	T. 14	P. 283 A. 02	Comunicación lingüística
<p>Bloque 3 Crit. Aval. B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa.</p> <p>Est. Apr. XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".</p>	<p>3.13.1.12 Identifica a divisións relixiosas existentes na Europa do século XVII e expresa unha opinión persoal sobre como está división relixiosa contribuíu á existencia de conflitos en Europa.</p>	<p>Identifica de forma incompleta as principais relixións existentes na Europa do século XVII sen chegar a establecer ningún tipo de relación ente esta división relixiosa e a existencia de conflitos en Europa.</p>	<p>Describe de forma moi concisa as divisións relixiosas existentes na Europa do século XVII e sinala que esta división relixiosa favoreceu a existencia de conflitos sen xustificar nin argumentar o seu afirmación.</p>	<p>Describe adecuadamente as divisións relixiosas existentes na Europa do século XVII e explica de forma breve e argumentos simples como esta división relixiosa favoreceu a existencia de conflitos.</p>	<p>Describe adecuadamente as divisións relixiosas existentes na Europa do século XVII e explica con precisión e argumentos elaborados como esta división relixiosa favoreceu a existencia de conflitos.</p>	T. 14	P. 291 A. 01	Comunicación lingüística

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 1	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 2	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 3	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 4	TE- MAS	ACTIVI- DADES	COMPETENC. CLAVE
<p>Bloque 3 Crit. Aval. B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa.</p> <p>Est. Apr. XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".</p>	<p>3.13.1.13 Recoñece e describe as concepcións do poder político e da economía que se enfrontaron no século XVII analizando as causas deste enfrontamento.</p>	<p>Amosa dificultades de comprensión dos contidos do tema e non é capaz de sinalar con claridade as concepcións do poder político e da economía que se produciron no século XVII.</p>	<p>Sinala o enfrontamento existente entre os Estados-nación e os imperios, por unha parte, e entre a burguesía e a aristocracia sen detallar as súas causas.</p>	<p>Describe brevemente o enfrontamento existente entre os Estados-nación e os imperios, por unha parte, e entre a burguesía e a aristocracia amosando unha comprensión adecuada de ambos os dous enfrontamentos.</p>	<p>Describe con certo grao de detalle o enfrontamento existente entre os Estados-nación e os imperios, por unha parte, e entre a burguesía e a aristocracia amosando unha comprensión precisa de ambos os dous enfrontamentos.</p>	T. 14	P. 291 A. 03	Aprender a aprender
<p>Bloque 3 Crit. Aval. B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa.</p> <p>Est. Apr. XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".</p>	<p>3.13.1.14 Explica as consecuencias que supuxo a Paz de Westfalia respecto ao mapa político de Europa e a concepción da liberdade relixiosa.</p>	<p>Describe de forma imprecisa e sen empregar o léxico adecuado algún dos cambios que se produciu no mapa político de Europa trala Paz de Westfalia.</p>	<p>Describe, empregando un léxico adecuado, os cambios máis relevantes do mapa político de Europa trala Paz de Westfalia e sinala que tras este acordo se produciu un progreso da idea de liberdade e tolerancia relixiosa.</p>	<p>Explica adecuadamente os cambios máis relevantes do mapa político de Europa trala Paz de Westfalia, comenta brevemente o predomino dos Estados-nación e das monarquías absolutistas e sinala que tras este acordo se produciu un progreso da idea de liberdade e tolerancia relixiosa.</p>	<p>Explica, de forma precisa, detallada e empregando o léxico adecuado, os cambios máis relevantes do mapa político de Europa trala Paz de Westfalia, describe con detalle o predomino dos Estados-nación e das monarquías absolutistas e comenta como tras este acordo se produciu un progreso da idea de liberdade e tolerancia relixiosa.</p>	T. 14	P. 291 A. 04	Aprender a aprender

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 1	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 2	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 3	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 4	TE- MAS	ACTIVI- DADES	COMPETENC. CLAVE
<p>Bloque 3 Crit. Aval. B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa.</p> <p>Est. Apr. XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".</p>	<p>3.13.1.15 Analiza un mapa histórico sobre a división relixiosa da Europa do século XVII e axúdase del para caracterizar o desenvolvemento e as causas do conflito iniciado en Bohemia en 1618.</p>	<p>Recoñece de forma moi vaga o tema do mapa e necesita soporte docente ou dun compañeiro para interpretar o mapa e realizar as actividades propostas.</p>	<p>Interpreta o mapa sobre a división relixiosa da Europa do século XVII sinalando algunha das áreas de influencia das diferentes relixións neste período e as causas do conflito iniciado en Bohemia en 1618.</p>	<p>Interpreta o mapa sobre a división relixiosa da Europa do século XVII sinalando as áreas de influencia das diferentes relixións neste período, describe as causas do conflito iniciado en Bohemia en 1618 e esboza unha breve explicación sobre o desenvolvemento do conflito.</p>	<p>Interpreta o mapa sobre a división relixiosa da Europa do século XVII sinalando as áreas de influencia das diferentes relixións neste período, caracteriza as causas do conflito iniciado en Bohemia en 1618 e explicación con detalle o desenvolvemento do conflito e a súa posterior retomación.</p>	T. 14	P. 293 A. 01	Comunicación lingüística
<p>Bloque 3 Crit. Aval. B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa.</p> <p>Est. Apr. XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".</p>	<p>3.13.1.16 Redacta un texto explicativo detallado no que describe a guerra entre Francia e os Habsburgo e as súas causas.</p>	<p>Esboza unha explicación incompleta e pouco detallada sobre a guerra entre Francia e os Habsburgo sinalando de forma errónea ou imprecisa causas deste conflito.</p>	<p>Identifica e describe brevemente a guerra entre Francia e os Habsburgo sinalando de forma concisa a orixe político deste enfrontamento e establecendo que a intervención de Francia no conflito non foi por motivos políticos.</p>	<p>Identifica e describe adecuadamente a guerra entre Francia e os Habsburgo explicando a orixe política deste enfrontamento e establecendo que a intervención de Francia no conflito non foi por motivos políticos.</p>	<p>Identifica e describe con detalle a guerra entre Francia e os Habsburgo, explica a orixe político deste enfrontamento, establece que a intervención de Francia no conflito non foi por motivos políticos e sinala como concluíu o conflito.</p>	T. 14	P. 293 A. 03	Comunicación lingüística

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 1	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 2	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 3	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 4	TE- MAS	ACTIVI- DADES	COMPETENC. CLAVE
<p>Bloque 3 Crit. Aval. B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa.</p> <p>Est. Apr. XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".</p>	<p>3.13.1.17 Caracteriza con detalle as causas que fixeron da guerra dos Trinta Anos unha guerra tan prolongada e explica as consecuencias do conflito sobre a poboación europea.</p>	<p>Sinala que a guerra durou trinta anos e que lle afectou negativamente á poboación sen achegar máis datos nin describir as consecuencias do conflito.</p>	<p>Indica que a guerra foi moi prolongada debido á gran cantidade de recursos que se empregaron nela e explica brevemente como empobreceu a poboación europea e as finanzas dos Estados en conflito.</p>	<p>Indica que a guerra foi moi prolongada debido á gran cantidade de recursos que se empregaron nela, describe brevemente cales foron os custos da guerra e caracteriza como empobreceu a poboación europea e as finanzas dos Estados en conflito.</p>	<p>Comenta que a guerra foi moi prolongada debido á gran cantidade de recursos que se empregaron nela, describe cales foron os custos da guerra e caracteriza como empobreceu a poboación europea e as finanzas dos Estados en conflito e como paralizou o conxunto da economía europea.</p>	<p>T. 14</p>	<p>P. 293 A. 04</p>	<p>Aprender a aprender</p>

4. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA

TEMA D. O ESCENARIO FÍSICO DAS ACTIVIDADES HUMANAS

- Localizar no mapa as grandes unidades do relevo terrestre.
- Coñecer os mares, as illas e as penínsulas do litoral europeo.
- Identificar os macizos e as montañas novas de Europa e describir como son os seus relevos.
- Coñecer e localizar no mapa as unidades de relevo e os ríos de España.
- Explicar as particularidades do relevo español.
- Recoñecer as características do litoral español.
- Identificar as principais zonas climáticas da Terra e as súas correspondentes paisaxes.
- Localizar no mapa as costas e as unidades de relevo traballadas no tema.
- Reflexionar sobre as relacións existentes entre clima, paisaxe e actividades humanas.
- Identificar as paisaxes de Europa e de España.
- Utilizar o atlas e outras fontes de información cartográfica.
- Valorar a diversidade de paisaxes que forman o noso patrimonio natural.

TEMA 1. A ORGANIZACIÓN POLÍTICA DAS SOCIEDADES

- Recoñecer as principais competencias e funcións do Estado.
- Definir o que é un Estado e comparar os elementos dos Estados democráticos e os non democráticos.
- Explicar en que consiste a globalización e como afectou aos Estados.
- Identificar as funcións que, segundo a división de poderes, exercen as diferentes institucións nos réxime de mocráticos.
- Valorar a importancia da Constitución dentro dos Estados democráticos.
- Caracterizar os municipios e as provincias, e a súa función administrativa no territorio español.
- Coñecer as organizacións supranacionais máis importantes.
- Valorar o papel que exercen as Organizacións non Governamentais na sociedade actual e recoñecer as máis destacadas.
- Coñecer a organización territorial de España.
- Buscar información en fontes de consulta alternativas ao libro de texto.

TEMA 2. A ORGANIZACIÓN ECONÓMICA DAS SOCIEDADES

- Describir os trazos xerais da actividade económica identificando os factores de produción e os axentes económicos.
- Explicar en que consiste a produción de bens e pór algúns exemplos de bens de produción e de consumo.
- Reflexionar sobre as repercusións da sobreexplotación dos recursos naturais.
- Caracterizar como a oferta e a demanda regulan o funcionamento do mercado.
- Valorar a relevancia económica da publicidade e o impacto sobre as propias pautas de consumo.
- Comprobar que saben definir algúns conceptos relacionados co mercado laboral.
- Explicar o que son os ciclos económicos e cal é o seu funcionamento.
- Procurar información en fontes de consulta alternativas ao libro de texto.
- Describir unha crise económica e relacionala cos ciclos económicos.
- Reflexionar sobre as repercusións sociais e económicas das crises económicas.
- Analizar información económica dun xornal.

TEMA 3. A AGRICULTURA, A GANDARÍA, A PESCA E A SILVICULTURA

- Identificar os condicionantes físicos da agricultura.
- Recoñecer os sistemas de cultivo que se practican no mundo.
- Coñecer a distribución xeográfica da agricultura de subsistencia e mais da agricultura de mercado.
- Coñecer os diferentes tipos de agricultura de subsistencia.
- Explicar o que son os obxectivos da agricultura de mercado e os medios cos cales conta por conseguilos.
- Recoñecer e saber localizar no mapa os diferentes tipos de gandaría que se practican no mundo.
- Comparar entre si a pesca tradicional e a pesca industrial.
- Coñecer os principais caladoiros de pesca do mundo.
- Explicar en que consiste a explotación forestal.
- Identificar as principais masas boscosas do mundo.
- Explicar en que consiste a explotación sostible dos recursos.
- Describir as paisaxes agrarias de España.

TEMA 4. A MINARÍA, A ENERXÍA E A CONSTRUCCIÓN

- Comprender o que é unha materia primeira e a súa importancia.
- Identificar e clasificar os diferentes tipos de materias primeiras.
- Recoñecer diferentes tipos de explotacións e recursos mineiros.
- Describir as características das fontes de enerxía tradicionais.
- Coñecer as vantaxes e os inconvenientes das fontes de enerxía alternativas máis importantes.
- Describir as actividades relacionadas coa construción e a evolución do sector en España a partir da análise de gráficas.
- Procurar información en fontes de consulta alternativas ao libro de texto.
- Comprender en que consistiu a burbulla inmobiliaria e as súas repercusións.
- Investigar sobre un problema ambiental no propio contorno inmediato ou na Comunidade Autónoma.

TEMA 5. A INDUSTRIA

- Comprender en que consiste a actividade industrial e cales son os elementos do proceso industrial.
- Clasificar unha serie de industrias segundo o destino dos produtos fabricados.
- Recoñecer os elementos que forman parte do proceso industrial.
- Explicar a división técnica e social do traballo.
- Describir, comparar e situar cronoloxicamente as tres revolucións industriais.
- Tomar conciencia das inxustizas e infraccións dos dereitos humanos en diferentes contextos históricos e xeográficos dentro do contexto da actividade industrial
- Procurar información en fontes de consulta alternativas ao libro de texto.
- Identificar os factores que determinan a localización da industria.
- Caracterizar a actividade industrial en España.

TEMA 6. OS SERVIZOS, A COMUNICACIÓN E A INNOVACIÓN

- Describir os trazos xerais do sector terciario e recoñecer as principais actividades deste sector económico.
- Recoñecer as diferentes submodalidades do sector terciario: terciario banal e terciario superior.
- Clasificar correctamente as actividades terciarias en función do servizo que prestan e do mercado ao cal se dirixen.
- Describir a evolución e a importancia da educación e a sanidade en España como servizos.
- Valorar as principais repercusións sociais, económicas e culturais da tecnoloxía e os medios de comunicación ao mundo actual.

Procurar información en fontes de consulta alternativas ao libro de texto.
Comprender a importancia da investigación, o desenvolvemento e a innovación para o desenvolvemento económico dun país.
Utilizar adecuadamente as redes sociais para se relacionar.
Reflexionar sobre a importancia social e cultural da Wikipedia.
Elaborar diferentes tipos de mensaxes e documentos publicitarios.

TEMA 7. OS TRANSPORTES E O TURISMO

Coñecer as vantaxe e os inconvenientes dos diferentes medios de transporte terrestre, marítimo e aéreo.
Indicar a función dos diferentes medios de transporte.
Interpretar gráficos e táboas de datos sobre os transportes e o turismo.
Caracterizar a revolución dos transportes e o concepto de redes do transporte.
Comprender o impacto económico do turismo e as súas implicacións sociais e culturais.
Identificar e valorar aspectos negativos e positivos do turismo.
Localizar xeograficamente os principais núcleos turísticos do mundo.
Describir o proceso de transporte e comercialización dun produto agrario.
Reflexionar sobre a utilidade da taxa turística.
Caracterizar os transportes e o turismo de España.
Reflexionar e valorar os aspectos positivos e negativos da aplicación da taxa turística.

TEMA 8. AS ACTIVIDADES COMERCIAIS E OS FLUXOS DE INTERCAMBIO

Coñecer os elementos que interveñen nas actividades comerciais.
Explicar as características do comercio interior e do comercio exterior, así como as diferenzas entre a balanza comercial e a balanza de pagamentos.
Coñecer os grandes bloques comerciais do mundo.
Explicar os diferentes tipos de fluxos comerciais que se producen a escala planetaria.
Procurar información en fontes de consulta alternativas ao libro de texto.
Comprender o que é o consumo responsable e valorar as propias pautas de consumo.
Analizar a débeda externa e as súas repercusións sobre os países pobres.
Caracterizar o comercio interior e exterior en España.

TEMA 9. O NACEMENTO DO MUNDO MODERNO

Comprender os factores políticos e económicos que propiciaron a superación da Idade Media e o inicio da Idade Moderna.
Recoñecer as características fundamentais do pensamento humanista.
Valorar a relevancia de Erasmo de Rotterdam e o eramismo na conformación do pensamento humanista.
Entender o funcionamento dun obradoiro de impresión durante o século XVI.
Valorar a importancia que tivo a imprenta na difusión do pensamento humanista.
Entender os argumentos en que se baseaba a crítica de Martín Lutero contra a Igrexa católica.
Distinguir as características das principais doutrinas reformistas: a luterana, a calvinista e a anglicana.
Comprender as medidas que impulsou a Igrexa católica para frear a expansión do protestantismo.
Discernir as diferenzas entre o pensamento católico e o protestante.

TEMA 10. O RENACEMENTO, UNHA NOVA CONCEPCIÓN DA ARTE

Comprender as características principais do novo espírito do Renacemento a partir da análise de varias manifestacións artísticas daquel período.

Relacionar as actividades culturais da familia Medici co contexto social e económico da Florencia dos séculos XV e XVI.

Identificar as características e os artistas principais da arquitectura, pintura e escultura da Italia do Renacemento.

Recoñecer os elementos característicos da arquitectura italiana do Renacemento a partir dun exemplo emblemático: a basílica de San Pedro de Roma.

Entender as técnicas que utilizaron os pintores renacentistas para dar profundidade ás súas obras.

Relacionar as manifestacións pictóricas alemás e flamengas co contexto social e relixioso de cada territorio.

Distinguir as características específicas da pintura do Greco e da arquitectura e escultura españolas do Renacemento.

Analizar unha pintura como obra artística.

TEMA 11. A ÉPOCA DOS GRANDES DESCUBRIMENTOS XEOGRÁFICOS

Entender en que consistiu a Unión dinástica entre os Reis Católicos.

Comprender a orientación da política interior e exterior dos Reis Católicos.

Diferenciar a organización das coroas de Castela e Aragón.

Coñecer e comprender as motivacións dos Reis Católicos por forzar a unidade relixiosa nos seus reinos e as consecuencias sociais que comportou este proceso.

Comprender a política económica das coroas de Castela e Aragón.

Describir as consecuencias da Sentenza Arbitral de Guadalupe.

Enumerar as causas dos grandes descubrimentos xeográficos.

Identificar os adiantos técnicos que permitiron as grandes expedicións.

Recoñecer os personaxes protagonistas das grandes expedicións marítimas.

Explicar o proxecto de Cristovo Colón e establecer as diferenzas entre os seus plans e a realidade.

Describir as rutas e as descubertas das viaxes de Colón.

Resumir as características da organización social, económica e política dos pobos precolombinos.

TEMA 12. O AUXE DO IMPERIO DOS AUSTRIAS

Identificar a herdanza territorial que recaeu en Carlos I.

Explicar a forma de gobernar e conservar o imperio de Filipe II.

Entender os problemas e os conflitos que tiveron que afrontar Carlos I e Filipe II, especialmente as revoltas das Xermanías e dos Comuneiros.

Recoñecer os territorios percorridos durante a primeira volta ao mundo.

Valorar criticamente a forma de explotación do continente americano e as súas repercusións sobre a poboación indíxena.

Relacionar os diversos procesos que, combinados, provocaron a revolución dos prezos durante o século XVI e o xeito en como esta afectou á poboación.

Identificar as causas que fixeron entrar o imperio hispánico en decadencia.

Entender en que consiste unha creba financeira.

Comprender os diversos factores que propiciaron unha crise demográfica e económica na Castela do século XVII.

Entender as consecuencias da expulsión dos mouriscos a varios niveis.

Describir as características da sociedade estamental do século XVII.

TEMA 13. A DECADENCIA DO IMPERIO DOS AUSTRIAS

Recoñecer as institucións de goberno do territorio español durante a Idade Moderna e indicar que funcións tiña cada unha delas.

Explicar a evolución da poboación e a economía española ao longo dos séculos XVI e XVII.

Entender as causas do declive do imperio hispánico no século XVII.
Identificar os reis e os validos da España do século XVII.
Describir a Guerra dos Trinta Anos, prestando especial atención ás súas causas e ás súas repercusións no territorio español..
Describir as causas das revoltas do ano 1640.
Analizar gráficos sobre a evolución da poboación nos reinos hispánicos e europeos durante o século XVII.
Describir polo miúdo os problemas económicos dos reinos hispánicos no século XVII.
Caracterizar a organización social e a vida cotiá na España do século XVII.
Interpretar textos literarios sobre a vida picaresca no século XVII.
Analizar e explicar unha película histórica a partir dun guión.

TEMA 14. A EUROPA DO SÉCULO XVII

Recoñecer as transformacións da economía europea do século XVII.
Detectar os principios ideolóxicos e as institucións da monarquía absoluta.
Comprender correctamente a teoría económica do mercantilismo.
Entender os principios ideolóxicos do absolutismo a partir dunha recreación dun día cotián na corte de Luís XIV.
Comprender en que consistía o parlamentarismo e os motivos polos cales este sistema se opuña ao absolutismo.
Entender o funcionamento do parlamentarismo inglés.
Relacionar os conflitos relixiosos e políticos da Europa do século XVII.
Analizar as consecuencias que comportou a Paz de Westfalia.
Relacionar os diversos conflitos que estalaron en Europa para explicar por que unha guerra se puido prolongar durante trinta anos.
Comentar e comparar dous textos históricos que defendían, respectivamente, o absolutismo e o parlamentarismo.
Procurar información sobre a orixe do Día de Acción de Grazas.
Debater e razoar sobre o fenómeno da guerra, as súas causas e as súas repercusións.

TEMA 15. A CIENCIA E A ARTE DO BARROCO

Identificar os novos métodos de investigación e os adiantos científicos como factores desencadeantes dunha nova ciencia ao século XVII.
Recoñecer a importancia da figura de Galileo Galilei na historia da ciencia e os motivos polos cales foi xulgado pola Igrexa.
Entender os principios da revolución copernicana.
Razoar correctamente sobre as circunstancias políticas e relixiosas que explican a estética do movemento barroco.
Detallar as características da arquitectura e a escultura do barroco europeo.
Observar e identificar as características construtivas da arquitectura e escultura aos reinos hispánicos.
Recoñecer as características compositivas xerais da pintura barroca europea e diferenciar as escolas italiana, francesa e flamenga.
Sinalar as características compositivas da pintura holandesa e identificar os seus principais autores.
Recoñecer as particularidades dos principais artistas do século de Ouro da pintura española.
Diferenciar e comparar as características da arte renacentista e barroca.

5. DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Primeiro Trimestre: setembro –outubro

INTRODUCCIÓN Á XEOGRAFÍA

1. A Xeografía e as súas ferramentas de traballo
2. Os sistemas de información xeográfica (SIX)

O ESCENARIO FÍSICO DAS ACTIVIDADES HUMANAS

1. As grandes unidades do relevo terrestre
2. O relevo, os ríos e as costas de Europa
3. As unidades do relevo de España
4. As costas e os ríos de España
5. As paisaxes da Terra
6. As paisaxes de Europa
7. As paisaxes de España (I)
8. As paisaxes de España (II)

PRIMEIRO TRIMESTRE: OUTUBRO

TEMA 1. A ORGANIZACIÓN POLÍTICA DAS SOCIEDADES

1. O Estado como organización política da sociedade
 2. Os Estados do mundo e as relacións internacionais
 3. O Estado e a globalización
 4. A organización territorial de España
 5. O Estado das Autonomías
 6. Estudo de caso. *A Unión Europea*
 7. Análise de problemas. *As organizacións non-gobernamentais*
- Obradoiro de Xeografía – Síntese*

PRIMEIRO TRIMESTRE: OUTUBRO –NOVEMBRO

TEMA 2. A ORGANIZACIÓN ECONÓMICA DAS SOCIEDADES

1. As actividades económicas
 2. Os factores de produción
 3. Os sectores económicos
 4. Os sistemas económicos
 5. Coñece. *Os sectores económicos da Unión Europea*
 6. Coñece. *A economía da Unión Europea*
 7. Estudo de caso. *Que é unha crise económica?*
 8. Análise de problemas. *O mercado laboral: Como aumentar as vosas expectativas?*
- Obradoiro de Xeografía – Síntese*

PRIMEIRO TRIMESTRE: NOVEMBRO

TEMA 3. A AGRICULTURA, A GANDARÍA, A PESCA E A SILVICULTURA

1. A agricultura
 2. As paisaxes agrarias
 3. Análise de problemas. *Sistema de subsistencia versus sistema de mercado*
 4. A gandaría
 5. A actividade pesqueira
 6. A explotación forestal
 7. Coñece. *O sector primario en España*
 8. Descubre. *As paisaxes agrarias en España*
 9. Impacto humano. *É posible reducir os impactos negativos das actividades agrarias?*
- Obradoiro de Xeografía – Síntese*

PRIMEIRO TRIMESTRE: NOVEMBRO –DECEMBRO

TEMA 4. A MINARÍA, A ENERXÍA E A CONSTRUCCIÓN

1. A obtención de materias primas
 2. A enerxía. As fontes non-renovables
 3. As fontes de enerxía renovables
 4. A construción. A situación en España
 5. Impacto humano. Canteiras, graveiras e vertedoiros
 6. Análise de problemas. A xestión dos residuos nucleares
- Obradoiro de Xeografía – Síntese*

SEGUNDO TRIMESTRE: XANEIRO

TEMA 5. A INDUSTRIA

1. A actividade industrial
 2. As revolucións industriais
 3. A Terceira Revolución Industrial
 4. Localización e deslocalización industrial
 5. Coñece. *As actividades industriais en España*
 6. Estudo de caso. *As multinacionais españolas do século XXI*
 7. Análise de problemas. *Producir máis barato, a cambio de que?*
 8. Impacto humano. *A industria petroquímica*
- Obradoiro de Xeografía – Síntese*

SEGUNDO TRIMESTRE: XANEIRO-FEBREIRO

TEMA 6. OS SERVIZOS, A COMUNICACIÓN E A INNOVACIÓN

1. O sector terciario
2. As actividades do sector terciario. A sanidade e a educación en España

3. A tecnoloxía e os medios de comunicación
 4. A investigación, o desenvolvemento e a innovación
 5. Estudo de caso. *I+D+i en España*
 6. Análise de problemas. *As redes sociais virtuais e as relacións humanas*
- Obradoiro de Xeografía – Síntese*

TEMA 7. OS TRANSPORTES E O TURISMO

1. Os sistemas de transporte
2. As funcións do transporte e as súas redes
3. O turismo e a súa importancia económica
4. Coñece. *Os transportes e o turismo en España*
5. Estudo de caso. *O transporte dos produtos agrarios*
6. Impacto humano. *A taxa turística*

Obradoiro de Xeografía – Síntese

TEMA 8. AS ACTIVIDADES COMERCIAIS E OS FLUXOS DE INTERCAMBIO

1. As actividades comerciais
2. O comercio interior. *O consumo nos fogares españois*
3. O comercio exterior. *As exportacións e as importacións españolas*
4. O comercio internacional nun mundo global
5. O comercio desigual nun mundo global
6. Análise de problemas: *A débeda externa*
7. Impacto humano. *Somos consumidores responsables?*

Obradoiro de Xeografía - Síntese

ATLAS TEMÁTICO DO MUNDO

TERCEIRO CURSO: HISTORIA

TERCEIRO TRIMESTRE: MARZO

TEMA 9. O NACEMENTO DO MUNDO MODERNO

1. Pregunta clave. *Por que a Idade Moderna se inicia no século XV?*
2. O Humanismo, unha revolución cultural
3. Viaxa ao pasado. Erasmo de Róterdam, príncipe dos humanistas
4. O enigma. *Cómo se imprimía un libro?*
5. A Reforma protestante
6. A Contrarreforma católica

Obradoiro de Historia – Síntese

TEMA 10. O RENACEMENTO, UNHA NOVA CONCEPCIÓN DA ARTE

1. Pregunta clave. *O Renacemento, ruptura ou retorno ao pasado?*
2. Viaxa ao pasado. *Os Medici, unha familia de mecenas*
3. O Renacemento italiano

4. O enigma. *Como se consegue a profundidade na pintura?*
 5. A expansión do Renacemento en Europa
 6. Descubre. *O Renacemento en España*
- Obradoiro de Historia – Síntese*

TERCEIRO TRIMESTRE: ABRIL

TEMA 11. A ÉPOCA DOS GRANDES DESCUBRIMENTOS XEOGRÁFICOS

1. Pregunta clave. *Que nova monarquía crearon os Reis Católicos?*
 2. Descubre. *Cómo se organizou a nova monarquía?*
 3. Recuperación económica e desigualdade social
 4. A chegada a un novo continente
 5. O enigma. *Cal foi o erro de Colón?*
 6. Viaxa ao pasado. *Yoali, un campesiño azteca*
 7. Arte e sociedade. *A arte precolombina e as teocracias*
- Obradoiro de Historia – Síntese*

TERCEIRO TRIMESTRE: ABRIL-MAIO

TEMA 12. O AUXE DA MONARQUÍA HISPÁNICA

1. Pregunta clave. *Como se formou o Imperio hispánico?*
 2. Reaccións ante o poder dos Austrias
 3. Os esforzos por manter o Imperio
 4. América, un territorio por explorar
 5. Viaxa ao pasado. *Diego emprende a conquista do Imperio inca*
 6. O imperio das Indias Occidentais
 7. O enigma. *Que foi a revolución dos prezos?*
- Obradoiro de Historia – Síntese*

TERCEIRO TRIMESTRE: MAIO-XUÑO

TEMA 13. A DECADENCIA DO IMPERIO DOS AUSTRIAS

1. Pregunta clave. *Por que entrou en declive o Imperio hispánico?*
 2. A perda da hexemonía en Europa
 3. A crise demográfica e económica
 4. Privilexio social e mentalidade rendista
 5. Viaxa ao pasado. *Mateo, un pícaro na cidade da Corte*
 6. Arte e sociedade. *Quen matou o Comendador?*
- Obradoiro de Historia – Síntese*

TEMA 14. A EUROPA DO SÉCULO XVII

1. Pregunta clave. *Foi o século XVII unha época de crise en Europa?*
2. A Europa dos monarcas absolutos
3. *Viaxa ao pasado. María de Molina, unha dama na Corte do Rei Sol*

4. Os parlamentos, contra o poder absoluto
5. Conflitos na Europa do século XVII
6. *O enigma. Por que unha guerra puido durar trinta anos?*

Obradoiro de Historia – Síntese

TEMA 15. A CIENCIA E A ARTE DO BARROCO

1. Pregunta clave. *Naceu a ciencia moderna no século XVII?*
2. O enigma. *Por que foi xulgado Galileo?*
3. O espírito do Barroco
4. A arquitectura e a escultura barrocas
5. *Viaxa ao pasado. O padre Francisco descobre o Barroco americano*
6. A pintura do Barroco
7. Descubre. *O Século de Ouro da pintura española*

Obradoiro de Historia - Síntese

PROXECTO TIC: AS PEGADAS DO NOSO PASADO: ONDE VIVIAMOS?

6. CONCRECIÓNS METODOLOXICAS.

6.1. METODOLOXÍA XERAL E ESPECÍFICA

Para traballar as competencias clave relacionadas co dominio emocional e as habilidades sociais terán un especial protagonismo as actividades de planificación e execución de tarefas en grupo que favorezan o diálogo, a escoita, a cooperación e a confrontación de opinións.

A forma de avaliar o nivel de competencia alcanzado será a través da aplicación dos coñecementos e as habilidades traballadas. Agora ben, as competencias supoñen un dominio completo da actividade en cuestión; non son só habilidades, aínda que estas sempre estean presentes. Polo tanto, ademais das habilidades, teranse en conta tamén as actitudes e os elementos cognitivos.

Aspectos xerais

- Partir da competencia inicial do alumnado.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas:
 - Combinar traballo individual e cooperativo.
 - Aprendizaxe por proxectos.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.
- Uso habitual das TIC incluído os smartphones previo permiso do profesorado.
- Papel facilitador do profesorado.

Estratexias metodolóxicas

- Memorización comprensiva.

- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, etc.
- Elaboración de síntesis.
- Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos.
- Comentarios de textos, gráficos, mapas...
- Resolución de problemas.
- Estudio de casos (proxectos).
- Exposición oral de contidos e pequenas investigacións.
- Visitas didácticas

Exemplo de secuenciación de traballo na aula

- Motivación:
- Actividade de exploración de ideas e coñecementos previos.
- Formulación de cuestións que favorezan o conflito cognitivo, presentándolles interrogantes que motiven o seu interés por iniciar o estudo.
- Presentación da actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, etc, actividades sobre coñecementos previos e adquiridos de cara favorecer o coñecemento dos contidos e o pensamento crítico.

Información do profesorado:

- Información básica para todo o alumnado.
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

Traballo persoal:

- Lectura e comprensión de textos.
- Análise de documentos, pequenas investigacións, etc.
- Resposta a preguntas.
- Resolución de problemas.
- Comentario de documentos, mapas, imaxes, etc.
- Elaboración de mapas, gráficas, síntesis ou mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva.
- Exposición oral ante a clase de contidos traballados en grupo ou individualmente

Avaliación:

- Análise de producións: caderno, traballos dixitais, mapas, comentarios, etc.
- Exposicións orais.
- Probas escritas.
- Traballos individuais e en grupo.
- Observación do traballo na aula.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS E ORGANIZATIVOS

Recursos Didácticos

Para cada tema os Recursos Didácticos dos que se dispón son os seguintes:

1. Libro do Alumno e da Alumna

O Libro do Alumno e da Alumna consta de 15 temas para o Primeiro Curso da Materia Xeografía e Historia da Educación Secundaria Obrigatoria.

2. Cadernos de Actividades

Os Cadernos de Actividades serven para reforzar contidos básicos do Libro do Alumno e da Alumna. Por outro lado, en combinación co resto de materiais, constitúen un instrumento para atender as necesidades individuais do alumnado, xa que permiten practicar aqueles coñecementos que secuencian os distintos temas.







3. Recursos Didácticos

Enderezos da Internet. Cada tema dispón de enderezos da Internet que serven para reforzar e complementar os contidos, habilidades e competencias traballadas en cada tema.

Actividades de Avaliación Inicial. Unha páxina de actividades deseñadas para avaliar os coñecementos previos do alumnado antes de iniciar o estudo de cada un dos temas.

Actividades de Reforzo e Ampliación. Unha páxina de actividades de reforzo e outra de ampliación permiten consolidar os coñecementos dos contidos do tema e ampliar algúns aspectos importantes.

Actividades de Avaliación Final. Dez preguntas seguindo o modelo das avaliacións de diagnóstico para a Educación Secundaria Obrigatoria permiten avaliar o nivel de logro de cada un dos Estándares de Aprendizaxe acadado polos alumnos.

-  O libro de Texto: Xeografía e Historia. XH 3.1 e 3.2. Ed. Vicens Vives.
-  Para os PENDENTES: Xeografía e Historia. XH 3.1 e 3.2. Ed. Vicens Vives.
-  TIC: Internet, test e xogos dixitais, blog de aula...e smartphones do alumnado cando o profesorado o requira e o permita baixo a súa responsabilidade.
-  Apps informáticas.
-  Xornais e Revistas. Mapas, Atlas e esferas.
-  Biblioteca do centro.

8. AVALIACIÓN DO ALUMNADO

8.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

No caso da Avaliación, os procedementos e instrumentos de avaliación serán a observación e seguimento sistemático do alumnado, é dicir, tomaranse en consideración todas as producións que desenvolva, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, exposicións orais e debates, actividades de clase, investigacións, actitude ante a aprendizaxe, precisión na expresión, autoavaliación...

As Avaliacións Iniciais, nas que valoraremos os coñecementos previos que se teñen sobre cada un dos aspectos avaliados antes de iniciar un tema ou unidade didáctica valorando se: son suficientes, se deben mellorar ou se descoñecen.

As Avaliacións Trimestrais para realizar ao final de cada trimestre e que facilitará a avaliación de grandes bloques de contidos, estándares e competencias.

En todo caso, os procedementos de avaliación serán variados, de forma que poidan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación.

A Avaliación realizarase igualmente a través dos Criterios de Avaliación e os Estándares de Aprendizaxe que poderemos avaliar a través da Rúbrica de Avaliación. Igualmente poderemos levar a cabo unha Avaliación Competencial a partir da rúbrica proposta: *Avaliación das Competencias Clave*.

O grao de adquisición dos obxectivos que se queren acadar tanto respecto dos Estándares de Aprendizaxe como das Competencias Clave valorarase, á súa vez, a partir de catro niveis de logro:

LOGRO – NIVEL 1: Logro non alcanzado.

LOGRO – NIVEL 2: Logro básico.

LOGRO – NIVEL 3: Logro medio.

LOGRO – NIVEL 4: Logro avanzado.

O nivel de cumprimento destes obxectivos en relación cos criterios de avaliación fixados non debe ser medido de forma mecánica, senón con **flexibilidade**, e tendo en conta a situación do alumno, o curso en que se atopa, ademais das súas propias características e posibilidades. Á súa vez, a avaliación, cumpre, fundamentalmente, unha **función formativa**, porque lle ofrece ao profesorado uns indicadores da evolución dos sucesivos niveis de aprendizaxe dos seus alumnos, coa conseguinte posibilidade de aplicar mecanismos correctores das insuficiencias advertidas. Por outra banda, eses indicadores constitúen unha fonte de información sobre o mesmo proceso de ensino. Por iso, os criterios de avaliación veñen a ser un referente fundamental de todo o proceso interactivo de ensino e aprendizaxe.

8.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Desenvolvemento de temas, mapas, gráficos, textos.
- Compresión de textos.
- Resolución de exercicios.
- Completar frases, relacionar conceptos ou termos.
- Identificar elementos xeográficos en mapas.

- Resposta a preguntas ou cuestións.
- Cuestións Verdadeiro/Falso.
- Elaboración de gráficas, esquemas e resúmenes.
- Lectura expresiva.

Observación e rexistro:

- Cuestionarios.
- Listas de control.
- Caderno do alumno.

Nas unidades desta materia, realizarase un proceso de avaliación continua. Nas actividades avaliarase, tanto a calidade dos traballos, como o interese e a participación nela, así como a coordinación e o diálogo nos traballos realizados en grupo.

Ó comezo do curso faise unha avaliación inicial, consultando ós alumnos e interpretando o seu historial escolar. Ten por obxecto partir dos coñecementos que xa teñen para construí-la nova fase de aprendizaxe.

A avaliación formativa ou orientadora faise durante o proceso de aprendizaxe, observando sistematicamente o progreso, dificultades,... do alumno en dito proceso.

A avaliación sumativa ou final faise ó remate do proceso de aprendizaxe determinando se o alumno adquiriu as capacidades requiridas e en qué grao.

A avaliación ordinaria:

Farase en tres avaliacións, de tal xeito que os contidos mínimos das primeiras avaliacións poden estar presentes nas seguintes e segundo os criterios de cualificación que se explicitan.

Os instrumentos de avaliación a utilizar co fin de coñecer o grao de comprensión dos conceptos e procesos, son:

A observación directa, que nos informa sobre:

- Interese polo traballo.
- A relación cos compañeiros.
- A participación no traballo de grupo.
- A participación en debates e exposicións.
- A realización de sínteses mediante esquemas, resúmenes ou gráficos.

Caderno ou traballos sexan en papel ou dixital que recolle tódalas actividades realizadas ó longo do curso (cos apuntes, traballos, actividades, documentos,...), infórmanos sobre:

- A cantidade e calidade dos coñecementos adquiridos.
- A comprensión dos mesmos.
- A capacidade de síntese e análise.
- A comprensión e desenvolvemento das actividades.
- A utilización das fontes de información.
- Probas escritas e traballos individuais e en grupos.

Nos traballos avaliarase a calidade, exposición, coordinación, interese e participación.

É importante realizar ó remate de cada unidade didáctica algún repaso de actividades representativas que nos informen do grao de comprensión da unidade.

Sempre adecuándose ás modalidades citadas de ensino presencial, semipresencial e non presencial utilizarase medios electrónicos, telemáticos e semellantes como:

Preferentemente a Aula virtual do centro, Libro dixital EnRed e Edubook da editorial Vicens Vives, Google Classroom, Podcast, Abalar, Google Forms, GMail, Kahoot, Edmodo e aplicacións de vídeoconferencia e similares como Webex, Zoom ou Google Meet.

Ademais, o profesorado poderá concertar entrevistas individuais co alumnado a través de videochamada como parte dos procedementos e instrumentos de avaliación nos casos que estime oportunos.

